

Guía docente da materia**INTRODUCCIÓN ÁS LINGUAS DO MUNDO****1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA MATERIA**

Código	301512708
Titulación	Filoloxía Inglesa
Área de coñecemento	Lingüística xeral
Departamento	Tradución e Lingüística
Curso/ciclo	1º ciclo
Cuadrimestre	1º
Créditos ECTS	6
Lingua na que se imparte	Galego

Descriptor Plano de Estudos [18-8-2001]

Introdución ao estudo da diversidade lingüística

DATOS DO PROFESORADO**Dr. José M^a García-Miguel**

Despacho	C55
Correo electrónico	gallego@uvigo.es
Páxina persoal	webs.uvigo.es/web575/jmgm
Teléfono:	986812071

Dr. Fernando Ramallo

Despacho	C52
Correo electrónico	framallo@uvigo.es
Páxina persoal	webs.uvigo.es/framallo
Teléfono:	986812070

OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA

Esta materia está destinada a adquirir unha base teórico metodolóxica acerca da diversidade lingüística no mundo. Para iso, a actividade docente terá en conta os seguintes obxectivos xerais:

- ➔ Estimular a motivación do alumnado cara a aprendizaxe
- ➔ Prover ferramentas para a análise da diversidade lingüística dende distintas perspectivas
- ➔ Fomentar a capacidade de reflexión sobre a situación social dos grupos lingüísticos arredor do mundo
- ➔ Proporcionar claves para a comprensión crítica da diversidade lingüística
- ➔ Alentar o interese polas comunidades con linguas en perigo de extinción

COMPETENCIAS

a) Conceptuais

- ➔ Demostrar un grao aceptable de procesamento (comprensión e asimilación) da información facilitada
- ➔ Desenvolver as habilidades que faciliten o pensamento propio do alumnado (capacidade de análise, síntese, aplicación, exposición, avaliación, etc.)
- ➔ Aplicar e utilizar os conceptos básicos da materia na solución de problemas relacionados coa linguaxe e as linguas

b) Competencias procedimentais

- ➔ Ler, entender, resumir e explicar textos básicos relacionados coa materia
- ➔ Expoñer oralmente as reflexións propias relacionadas cos contidos da materia
- ➔ Manexar fontes secundarias
- ➔ Desenvolver estratexias de planificación. Organización e xestión de tempos e recursos para a aprendizaxe

c) Actitudinais

- ➔ Desenvolver a motivación, a atención e o esforzo para a aprendizaxe, así como actitudes de apertura, participación e responsabilidade ante o traballo académico

PRERREQUISITOS

É aconsellable haber superado algunha materia de introdución á Lingüística.

CONTIDOS

PARTE I. AS LINGUAS E A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

Tema 1. Introducción á documentación lingüística

- 1.1 Documentación e descrición das linguas
- 1.2 O traballo de campo en lingüística documental
- 1.3 Aplicacións da lingüística documental

Tema 2. A clasificación das linguas

- 2.1 Clasificación xenética
- 2.2 Clasificación tipolóxica

2.3 Clasificación areal

2.4 Clasificación sociolingüística

Tema 3. Os sistemas de escritura

3.1 Definición de escritura

3.2 O debate oralidade / literacidade

3.3 Tipoloxía dos sistemas de escritura

3.4 Exemplos de sistemas gráficos actuais

3.5. A sociolingüística da escritura

Tema 4. Pidgins e crioulos

4.1 Qué é un pidgin e que é un crioulo?

4.2 O contacto de linguas e os procesos de pidginización e de crioulización

4.3 Distribución global de pidgins e de crioulos

PARTE II. AS LINGUAS POR CONTINENTES

Tema 5. Linguas de Europa

5.1 Panorama global das linguas de Europa

5.2 Lingüística e arqueoloxía: as orixes das linguas indoeuropeas

5.4 Tipoloxía lingüística: algúns trazos tipolóxicos das linguas de Europa

5.3 Sociolingüística: linguas oficiais e linguas minoritarias en Europa

5.5 Escritura: alfabetos latino, grego e cirílico

Tema 6. Linguas de África e Oriente Medio

6.1 Panorama global das linguas de África e Oriente Medio

6.2 Tipoloxía lingüística: algúns trazos tipolóxicos das linguas africanas

6.3 Sociolingüística: a xestión do multilingüismo en África e en Oriente Medio

6.4 Escritura: abjad hebreo, abjad árabe, abugida etíope

6.5 Pidgins e crioulos de África

Tema 7. Linguas de Asia

7.1 Panorama global das linguas de Asia

7.2 Tipoloxía lingüística: algúns trazos tipolóxicos das linguas asiáticas

7.3 Sociolingüística: a xestión do multilingüismo en Asia

7.4 Escritura: chino, xaponés, coreano, sistemas fonográficos

7.5 Pidgins e crioulos de Asia

Tema 8. Linguas de Australia e Oceanía

- 8.1 Panorama global das linguas de Australia e Oceanía
- 8.2 Tipoloxía lingüística: algúns trazos tipolóxicos das linguas australianas e oceánicas
- 8.3 Sociolingüística: a xestión do multilingüismo en Australia e Oceanía
- 8.4 Pidgins e crioulos de Australia e Oceanía

Tema 9. Linguas das Américas

- 9.1 Panorama global das linguas americanas
- 9.2 Tipoloxía lingüística: algúns trazos tipolóxicos das linguas americanas
- 9.3 Sociolingüística: a xestión do multilingüismo en América
- 9.4 Escritura: maia, cherokee, cree, etc.
- 9.5 Pidgins e crioulos de América

PARTE III. ESTUDO DE CASOS

Traballaranse os seguintes puntos cunha lingua aínda sen decidir:

- 1 Introducción á lingua, e fontes de documentación
- 2 Aspectos sociolingüísticos
- 3 Filiación xenética
- 4 Escritura e fonoloxía
- 5 Morfoloxía nominal e verbal
- 6 Sintaxe
- 7 Outros aspectos

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA RECOMENDADA

- Abley, M. (2006). *Aquí se habla... Un recorrido por las lenguas amenazadas*. Barcelona, RBA.
- Bernárdez, E. (1999). *¿Qué son las lenguas?* Madrid, Alianza.
- *Comrie, B. et al. (2001). *O Atlas das linguas. A Oríem e a evolución das Linguas no Mundo*. Lisboa, Estampa.
- Crowley, T. (2007). *Filed Linguistics. A Beginner's Guide*. Oxford, OUP.
- Crystal, D. (2003). *A morte das linguas*. Vigo, Galaxia.
- Dalby, A. (2002). *Language in danger*. Londres, The Penguin Press.
- Frawley, W. J. (ed.) (2003²). *International encyclopedia of linguistics*. New York, Oxford University Press.
- Gallardo, B. (2000). *Evolución de linguas y tipología*. València, Tirant lo Blanc.
- Gippert, J., N.P. Himmelmann & U. Mosel (eds.) (2006). *Essentials of Language Documentation*. Berlin, Mouton de Gruyter.
- Harrison, K. D. (2007). *When Languages Die. The Extinction of the World's Languages and the Erosion of Human Knowledge*. Oxford, Oxford University Press.
- Haspelmath, M. et al. (ed.) (2005). *The World Atlas of Language Structures*. Oxford, Oxford University Press.

- *Lyovin, A.V. (1997). *An Introduction to the Languages of the World*. Oxford University Press.
- *Martí, Fèlix et al. (2006). *Palabras y mundos: informe sobre las lenguas del mundo*. Barcelona, Icaria.
- Moreno Cabrera, J.C. (2000). *La dignidad e igualdad de las lenguas*. Madrid, Alianza.
- Moreno Cabrera, J.C. (2005). *Las lenguas y sus escrituras*. Madrid, Síntesis.
- Moseley, Ch. & R.E. Asher (eds.) (1994). *Atlas of the world's languages*. London, Routledge.
- Moseley, Ch. (ed.) (2007). *Encyclopedia of the world's endangered languages*. London, Routledge.
- Rogers, H. (2005). *Writing Systems. A Linguistics Approach*. Oxford, Blackwell.
- Shopen, T. (ed.) (1979a). *Languages and their speakers*. Philadelphia, University of Pennsylvania.
- Shopen, T. (ed.) (1979b). *Languages and their status*. Philadelphia, University of Pennsylvania.
- Song, J. J. (2001). *Linguistic Typology. Morphology and Syntax*. Harlow: Pearson.
- Whaley, L. J. (1997). *Introduction to typology*. Sage Pub.: Thousand Oaks.
- Wurm, S. (dir.) (20012). *Atlas of the World's Languages in Danger of Disappearing*. UNESCO, Paris.

METODOLOXÍA DOCENTE

As sesións combinarán clases teóricas, clases prácticas e seminarios. As sesións teóricas servirán para facilitar a adquisición e comprensión de coñecementos específicos da materia (conceptos, teorías, modelos, etc.). Algunhas destas sesións seguirán un método expositivo (lección maxistral).

As sesións prácticas están relacionados coa resolución de problemas na aula por parte do alumnado, que debe aplicar os coñecementos que xa posúe a situacións novas e nas que se valorará especialmente a exploración de posibles alternativas para a súa resolución.

Os seminarios están destinados a tratar con profundidade un tema específico. A lóxica deste método de traballo implica a interacción entre todos os participantes. Independentemente das sesións programadas para este fin, serán de obrigatoria asistencia aquelas denominadas “Exposición” no apartado “Temporalización semanal” desta Guía.

AVALIACIÓN

Contéplanse dúas modalidades de avaliación: avaliación continua e avaliación final. Na primeira semana do curso, o alumando deberá elixir a modalidade da súa preferencia.

A primeira é a idónea para o alumnado que asista regularmente a clase e que presente en tempo e forma as tarefas encomendadas. A segunda está pensada para alumnado esporádico.

a) A avaliación **continua** terá en conta os seguintes aspectos:

- Asistencia asidua e participación activa nas sesións presenciais: deberá atenderse a un mínimo de 25 sesións e valorarase a participación activa nelas (ata 2 puntos)
- Realización de actividades básicas: lecturas previas a cada sesión, organización de materiais, cuestionarios, exercicios, etc. Os alumnos deberán realizar satisfactoriamente un mínimo do 80% das actividades básicas previstas (ata 4 puntos)
- Realización satisfactoria dun mínimo de 2 traballos dos 3 que se propondrán ao longo do curso e participación activa nas exposicións previstas para o final do cuadrimestre (ata 4 puntos)
- Exame final (só para que non obteña 5 ou máis puntos nos apartados anteriores)

Quen no obteña unha puntuación media de 5 puntos nesta modalidade continuada deberá realizar o exame final para superar a materia. A súa cualificación final será a media aritmética da puntuación conseguida durante o curso e a obtida no exame final. Para o cómputo desta media será preciso haber obtido unha nota media mínima de 3 puntos, tanto polo curso como no exame final.

b) A avaliación **final** consistirá nun exame no día e data oficialmente sinalados. A guía para a citada proba é o programa oficial da materia.

PLANIFICACIÓN TEMPORAL

	Horas presenciais	Horas non presenciais	Horas Totais	Créditos ECTS
Clases teóricas + seminarios	40	10	47	4,5
Clases prácticas	14		14	1,5
Traballos individuais		25	25	
Exposicións de traballos	6	2	7	
Titorías		5	5	
Estudo e preparación de exames		45	50	
Realización de exames		2	2	
TOTAL	60	90	150	6

TEMPORALIZACIÓN SEMANAL

<i>Semana</i>	<i>Datas</i>	TEMAS	<i>Cronograma</i>
1	L 24 set	Presentación	2 horas
	M 25 set	Introdución metodolóxica	2 horas
2	L 1 out	Introdución metodolóxica	2 horas
	M 2 out	A clasificación das linguas	2 horas
3	L 8 out	A clasificación das linguas	2 horas
	M 9 out	A clasificación das linguas	2 horas
4	L 15 out	Os sistemas de escritura	2 horas
	M 16 out	Os sistemas de escritura	2 horas
5	L 22 out	Os sistemas de escritura	2 horas
	M 23 out	Pidgins e crioulos	2 horas
6	L 29 out	Linguas de Europa	2 horas
	M 30 out	Caso práctico (1)	2 horas
7	L 5 nov	Linguas de Europa	2 horas
	M 6 nov	Caso práctico (2)	2 horas
8	L 12 nov	Linguas de África e Oriente Medio	2 horas
	M 13 nov	Caso práctico (3)	2 horas
9	L 19 nov	Linguas de África e Oriente Medio	2 horas
	M 20 nov	Caso práctico (4)	2 horas
10	L 26 nov	Linguas de Asia	2 horas
	M 27 nov	Caso práctico (5)	2 horas
11	L 3 dec	Linguas de Asia	2 horas
	M 4 dec	Caso práctico (6)	2 horas
12	L 10 dec	Linguas de Australia e Oceanía	2 horas
	M 11 dec	Caso práctico (7)	2 horas
		FIN 1º TRIMESTRE	
13	L 7 xan	Linguas de Australia e Oceanía	2 horas
	M 8 xan	Linguas das Américas	2 horas
14	L 14 xan	Linguas das Américas	2 horas
	M 15 xan	Exposicións	2 horas
15	L 21 xan	Exposicións	2 horas
	M 22 xan	Exposicións	2 horas
			60 horas